



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias en agosto de 2023

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2023

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de agosto do ano 2023 acadou a cifra de 1.077.911 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de xullo de 2023 de 217 afiliacións (-0,02%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.706.500, rexistrando un descenso do 0,89% con respecto ao pasado mes de xullo.

Na comparativa interanual (agosto de 2023 con agosto de 2022) obsérvase un aumento de 22.580 afiliacións no total do sistema en Galicia (2,14%) e un aumento do 2,76% (555.499 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de xullo de 2023, rexístrase unha subida das afiliacións en catro comunidades autónomas (Asturias, Extremadura, Canarias e Cantabria); mentres que en trece comunidades autónomas baixan as afiliacións, destacando Murcia (-1,92%) e Cataluña (-1,61%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears e Canarias con taxas interanuais superiores ao 4,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA AGOSTO 2023	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	20.706.500	-185.385	-0,89	555.499	2,76
Galicia	1.077.911	-217	-0,02	22.580	2,14
Andalucía	3.326.726	-17.387	-0,52	66.162	2,03
Aragón	608.271	-6.386	-1,04	16.557	2,80
Asturias	385.066	664	0,17	6.189	1,63
Illes Balears	633.234	-2.124	-0,33	26.812	4,42
Canarias	876.420	1.317	0,15	36.150	4,30
Cantabria	235.964	111	0,05	4.345	1,88
Castilla La Mancha	774.688	-8.677	-1,11	20.989	2,78
Castilla y León	968.083	-2.732	-0,28	18.979	2,00
Cataluña	3.693.396	-60.317	-1,61	100.636	2,80
Comunitat Valenciana	2.078.479	-27.199	-1,29	59.027	2,92
Extremadura	419.338	685	0,16	6.771	1,64
Madrid	3.518.007	-36.860	-1,04	132.132	3,90
Murcia	636.041	-12.469	-1,92	10.091	1,61
Navarra	305.370	-805	-0,26	5.215	1,74
País Vasco	986.497	-12.238	-1,23	17.203	1,77
La Rioja	134.869	-217	-0,16	2.658	2,01
Ceuta e Melilla	48.141	-533	-1,10	3.005	6,66

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

¹ O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Ourense é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,38%, seguida da Coruña (2,26%), Pontevedra (2,06%) e Lugo (1,74%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de agosto con respecto ás do mes de xullo, rexistrouse en Galicia un descenso do 0,02%. Pontevedra (-0,10%) e A Coruña (-0,08%) presentan unha taxa de variación intermensual negativa, mentres que Ourense (0,29%) e Lugo (0,17%) presentan unha taxa de variación intermensual positiva.

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA AGOSTO 2023	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	464.033	-366	-0,08	10.257	2,26
LUGO	127.857	219	0,17	2.185	1,74
OURENSE	106.890	310	0,29	2.489	2,38
PONTEVEDRA	379.131	-380	-0,10	7.649	2,06
GALICIA	1.077.911	-217	-0,02	22.580	2,14
ESPAÑA	20.706.500	-185.385	-0,89	555.499	2,76


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 79,03% das afiliacións galegas en agosto de 2023, aumentou un 0,03% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,94%. En España estas taxas foron do -1,00% con respecto a xullo de 2023 e do 3,28% en relación ao mes de agosto de 2022. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,97%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, Lugo (-1,68%), Ourense (-1,55%) e A Coruña (-0,81%) amosan unha taxa de variación interanual negativa, mentres que Pontevedra (0,31%) presenta unha taxa de variación interanual positiva. A media da comunidade galega sitúase entón no -0,66%. Para este réxime e con respecto ao mes de xullo de 2023, baixan as catro provincias galegas, Lugo (-0,21%), A Coruña (-0,20%), Ourense (-0,14%) e Pontevedra (-0,11%), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,16%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,19% e unha baixada intermensual do 0,33%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a agosto de 2022, baixan as afiliacións en Lugo (-4,58%), A Coruña (-2,12%) e Pontevedra (-1,52%). A taxa galega acaba entón o -1,92%, inferior á de España (-0,23%). Con respecto a xullo de 2023, A Coruña presenta un descenso do 1,07%, seguida de Pontevedra cun descenso do 0,57%; mentres que Lugo presenta unha subida do 0,61%. A taxa galega amosa un descenso do 0,62 con respecto a xullo de 2023. A taxa nacional é do -0,67%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA AGOSTO 2023	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	464.033	-0,08	2,26
LUGO	127.857	0,17	1,74
OURENSE	106.890	0,29	2,38
PONTEVEDRA	379.131	-0,10	2,06
GALICIA	1.077.911	-0,02	2,14
ESPAÑA	20.706.500	-0,89	2,76
R. XERAL			
A CORUÑA	374.700	-0,04	3,04
LUGO	94.574	0,29	3,05
OURENSE	84.266	0,41	3,49
PONTEVEDRA	298.313	-0,08	2,63
GALICIA	851.854	0,03	2,94
ESPAÑA	17.304.610	-1,00	3,28
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	83.880	-0,20	-0,81
LUGO	31.815	-0,21	-1,68
OURENSE	22.623	-0,14	-1,55
PONTEVEDRA	67.937	-0,11	0,31
GALICIA	206.255	-0,16	-0,66
ESPAÑA	3.333.617	-0,33	0,19
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.454	-1,07	-2,12
LUGO	1.467	0,61	-4,58
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.881	-0,57	-1,52
GALICIA	19.802	-0,62	-1,92
ESPAÑA	67.320	-0,67	-0,23

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>